

Cando non haxa postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes de reserva e/ou admisión, para determinar a orde de prelación do alumnado, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) 1 irmán matriculado no centro: **8 puntos**.
2º irmán e seguintes, matriculado no centro: **2 puntos** cada un, até un máximo de 14 puntos.
- b) Proximidade ao centro docente do domicilio ou do traballo:
Por proximidade do domicilio familiar dentro da área de influencia do centro: **8 puntos**;
de áreas limítrofes á área de influencia do centro: **4 puntos**.
Proximidade ao centro docente do traballo dentro da área de influencia do centro:
6 puntos; de áreas limítrofes á área de influencia do centro: **3 puntos**.
- c) Por renda per cápita da unidade familiar. A puntuación, por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do exercizo fiscal ao que corresponde a renda, será a seguinte:
 1. Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: **3 puntos**.
 2. Se é igual ou superior ao 0,5 veces o IPREM: **2 puntos**.
 3. Se é igual ou superior ao 0,75 veces o IPREM: **1 punto**.
 4. Se é igual ou superior ao IPREM: **0 puntos**.
- d) Por proxenitor, titor ou acolledor traballador do centro docente: **3 puntos**.
(con independencia de que traballen ambas)
- e) Por familia numerosa:
Categoría especial: **3 puntos**.
Categoría xeral: **1 puntos**.
- f) Irmáns de partos múltiples que soliciten no mesmo centro:
Se son dous: **8 puntos**.
Se son máis de dous: **10 puntos**.
- g) Familia monoparental: **2 puntos**.
- h) Por discapacidade igual ou superior ao 33%:
Dalgún membro computable da unidade familiar: **4 puntos**.
Do alumno/a: **4 puntos**.
Calquera dos proxenitores, titores ou acolledores, o o novo cónxugue ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: **3 puntos**.
Calquera dos irmáns: **1 punto** por cada un.
- i) Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar: **2 puntos**.
- j) Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar: **2 puntos**.
- k) Por criterio complementario, o CEIP Ramón Cabanillas establece que a familia escolla como primeira opción este centro educativo terá: **1 punto**.

En caso de empate na puntuación total resolverase atendendo a maior puntuación obtida en cada un dos criterios de baremo referidos, seguindo a mesma orde o apartado 1 do artigo.

De manterse o empate resolverase por sorteo público (o realiza anualmente na última semana de febreiro). No sorteo se extraen 4 letras do abecedario, que determinan correlativamente, a 1ª e 2ª letra do primeiro apelido e a 1ª e 2ª letra do segundo.

A orde de prelación comeza polo solicitante cuxo primeiro apelido comece coas dúas primeiras letras extraídas, e se non houberse ningún, continuarase pola seguinte solicitante por orde alfabético.

En caso de coincidencia de varios solicitantes, comezarse por aquela cuxo segundo apelido comece pola 3ª e 4ª letra extraídas e, se non houberse a seguinte por orde alfabético. En caso de coincidencia se procederá co nome por orde alfabética. Nos apelidos as conxuncións, preposición ou artigos non serán tidos en conta.